

De conformidade cos informes favorables de declaración de utilidade pública, emitidos pola instrutora dos expedientes,

RESOLVO:

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións:

Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Bergantiños y otras Demencias (Afaber), inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co número 2001/5750-1ª.

Asociación Integro para a Diversidade Funcional das Comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña co número 1992/2950-1ª.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Orde do 27 de outubro de 2010 pola que se clasifica de interese para a defensa do medio natural de Galicia a Fundación Fragas do Mandeo.

Examinado o expediente de solicitude de clasificación da *Fundación Fragas do Mandeo* con domicilio no Vilar de Costoia, número 123, Porzomillos-Oza dos Ríos, na Coruña.

Feitos:

1. Fernando Ricardo Bandín Monteiro, presidente do padroado da fundación, formulou solicitude de clasificación para efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Fragas do Mandeo* foi constituída en escritura pública outorgada en Burela, o 6 de xullo de 2010, ante o notario Luis Muíño Fidalgo, co número de protocolo 979, pola *Asociación Cultural O Rabo do Galo*, a *Sociedade Galega de Historia Natural* e o Grupo Naturalista Habitat que actúan,

representadas respectivamente, por Fernando Ricardo Bandín Monteiro, Carlos María Manuel Rodríguez Silvar e Antón Vázquez Corral.

3. Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto realizar labores de custodia do territorio con fins de conservación da paisaxe e dos ecosistemas naturais, coa súa fauna, flora e xea asociadas, así como fomentar a custodia do territorio como fórmula para protexer a natureza e promover a súa conservación, baseándose na definición que a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade fai dos termos custodia do territorio e de entidade de custodia do territorio e no artigo 4.1º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, que recolle como fins de interese xeral a defensa do medio natural de Galicia.

4. O padroado inicial da fundación está formado por Fernando Ricardo Bandín Monteiro, en representación da *Asociación Cultural O Rabo do Galo*, como presidente; Carlos María Manuel Rodríguez Silva, en representación da *Sociedade Galega de Historia Natural*, como vicepresidente; e Antón Vázquez Corral, en representación do Grupo Naturalista Habitat, como secretario.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese para a defensa do medio natural de Galicia da *Fundación Fragas do Mandeo*, con base nas materias que constitúen o seu obxecto fundacional.

6. Na escritura de constitución consta a identidade dos fundadores, a dotación inicial, os estatutos e a identificación dos membros do padroado.

7. De conformidade co artigo 51 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e segundo proposta da comisión de secretarios, procede a súa clasificación como de interese para a defensa do medio natural de Galicia e a súa adscrición á Consellería do Medio Rural.

Consideracións legais:

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía de Galicia establece competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. A escritura de constitución da fundación contén os datos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

3. Segundo establece o artigo 7 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do rexistro de fundacións de interese galego, corresponde a esta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá as funcións de protectorado.

De conformidade co exposto, e considerando que se cumpren as condicións establecidas pola normativa vixente en materia de fundacións de interese galego, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 18 de outubro de 2010.

DISPOÑO:

Clasificar de interese para a defensa do medio natural de Galicia a *Fundación Fragas do Mandeo*, adscribíndoa ao protectorado da Consellería do Medio Rural.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 25 de outubro de 2010 de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago de Compostela, relativa ao ámbito do SUD-7 Vite de Arriba.

O Concello de Santiago de Compostela remite a modificación puntual referida e solicita a súa aprobación definitiva, conforme o artigo 85.7º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. Antecedentes.

1. O Concello de Santiago de Compostela conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente por ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de datas 3-10-2007 (aprobación parcial) e 1-9-2008.

2. Consta a decisión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible do 05/09/2008, que declara que

non é necesario someter a presente modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

3. A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu no día 13-11-2009 o informe previo á aprobación inicial previsto no artigo 85.1º da LOUG.

4. A modificación puntual foi aprobada inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 26-11-2009. Sometida a información pública mediante anuncios inseridos nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia do 11 de xaneiro; no DOG do 28 de xaneiro de 2010; e notificada aos concellos limítrofes, non se formulou alegación ningunha.

5. Constan informes municipais favorables: técnicos (21 de xullo e 20 de novembro de 2009) e xurídicos (30 de xullo e 16 de novembro de 2009, 16 de novembro e 15 de xuño de 2010).

6. Augas de Galicia emitiu informe favorable sobre a modificación en data 26-4-2010.

7. O Concello Pleno acordou a aprobación provisional na sesión do 27-5-2010.

8. A Comisión Superior de Urbanismo, na súa sesión de 7-10-2010, emitiu informe favorable sobre o expediente para os efectos previstos no artigo 94.4º da LOUG.

II. Obxecto e descrición do proxecto.

1. A modificación afecta o solo urbanizable delimitado SUD-7 Vite de Arriba e ten por obxecto axustarse ao parcelario e á topografía do terreo; garantir a conexión das vías interiores do sector coa rede viaria existente e evitar espazos residuais nas beiras do ámbito.

2. A ordenación proposta modifica a vixente nos seguintes aspectos, segundo se reflicte na memoria:

a) O ámbito do sector pasa de 59.474 m² a 60.216 m² con incorporación ao ámbito de parcelas hoxe clasificadas como Ordenanza 6 de solo urbano (1.013,36 m²) e exclusión do sector de terreos que pasan a solo urbano de Ordenanza 6 (347,21 m²).

b) Modificación do espazo libre público de carácter local previsto no PXOM, na súa configuración e superficie -de 1.950,05 m² a 2.249,60 m² -.

c) Altéranse as conexións viarias exteriores previstas en tres puntos:

-Conexión 1 coa rúa Vite de Arriba, que se despraza uns 30 m cara ao sur e pasa de 8 a 4,5 m de largo, co fin de evitar unha edificación e uns muros de contención existentes. Prevese un pequeno triángulo de 13,95 m² de superficie exterior ao sector (hoxe solo urbano de Ordenanza 6) necesario para completar a conexión.

-Conexión 2 coa rúa Cima da Eira: prevese unha área de 389,07 m² de superficie exterior ao sector (hoxe vía en solo urbano) necesaria para completar a conexión.